

CUADRANTE



O VALLEINCLANISMO NA CULTURA GALEGA

D. RAMÓN E CUNQUEIRO

VALLE-INCLÁN Y LA CENSURA PRIMORRIVERISTA

A RÚA NOVA: CRÓNICA FAMILIAR (II)

LUCTUOSA

VALLE EN EDIMBURGO

Nº 8

60 Amigos
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa



CUADRANTE



Revista cultural da
“Asociación Amigos de Valle-Inclán”

O VALLEINCLANISMO NA CULTURA GALEGA

D. RAMÓN E CUNQUEIRO

VALLE Y LA CENSURA PRIMORRIVERISTA

A RÚA NOVA: CRÓNICA FAMILIAR (II)

LUCTUOSA

VALLE EN EDIMBURGO

Amigos
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9
VILANOVA DE AROUSA.
APARTADO DE CORREOS Nº 66
Xaneiro 2004

Director:

Gonzalo Allegue

Subdirector:

Francisco X. Charlín Pérez

Secretario de redacción:

Víctor Viana

Consello de Redacción:

Xosé Luis Axeitos

Ramón Martínez Paz

Xaquín Núñez Sabarís

Xosé Lois Vila Fariña

Ramón Torrado

Xestión e administración:

Pablo Ventoso Padín

Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:

Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

Deseño e maquetación:

Nieves Loperena

Imprime:

Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.B.N.: 84-87709-99-0

SUMARIO:

X. L. Axeitos

*O valleinclanismo
na cultura galega (I).....* pax. 5

Cesar Cunqueiro

*Don Ramón María del Valle-Inclán
e Álvaro Cunqueiro* pax. 20

Antonio Espejo

*Valle-Inclán y la censura
primorrivista* pax. 25

Gonzalo Allegue

A Rúa Nova: crónica familiar (II).... pax. 37

Xose Lois Vila Fariña


*Luctuosa: sobre los hermanos
desconocidos de Valle* pax. 45

Carmen Viana e Victor Viana

*Valle-Inclán en el
Festival de Edimburgo* pax 48

*Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e
non solicitados.*

*A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente
aos autores o mesmo que o respeto á propiedade intelectual, recañdo
sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.*



O VALLEINCLANISMO NA CULTURA GALEGA (I)¹

X. L. Axeiros

Aínda conscientes de que a patria non se construie só con palabras, non podemos ignorar o papel relevante que a literatura galega desempeñou históricamente na construción dunha conciencia nacional no noso país. Tarefa nada fácil se temos en conta a problemática que supón encarnar e preservar a conciencia histórica dun pobo sempre disposto a formular a súa identidade colectiva sen contar cun estado nacional e protector. Diríase que o caso galego parece reafirmar as teorías de Bhabha sobre o nacionalismo, como un discurso que narra a nación, proxectando deste xeito a imaxe dunha patria que se sustenta no propio discurso.

Somente neste contexto se pode interpretar a especialísima relación que o provincialismo primeiro, e o galeguismo e nacionalismo posteriormente, mantivo con algúns significados escritores nacidos en Galicia. Estamos a referirnos a periodistas e escritores como Fernández Flórez, Xulio Camba, Pérez Lugín e, moi especialmente, a dona Emilia Pardo Bazán e a don Ramón del Valle-Inclán, que foron obxecto en Galicia dunha recepción tan especial como polémica.

Detrás da recepción da obra destes dous escritores en Galicia latxa, más ou menos explícito, o discurso da construcción da identidade de Galicia. Xa un

dos nosos primeiros *narradores da nación*, don Manuel Murguía, concebía o discurso literario como un todo integrado nun amplio corpus histórico:

«La literatura de un país, no es en rigor más que una fase de su historia, una manifestación clara y terminante de su cultura; por eso mismo tenía un puesto en mi libro.»²

Esta será a razón pola que o noso historiador, alentado polo compromiso que acababa de contraer co seu país (*narrar a nación*), asigna unha única e alta responsabilidade ós dous discursos:

«... me hicieron pensar en formar un Diccionario de escritores hijos de

¹ Tentamos resumir neste primeiro artigo a recepción da obra de Valle ata 1966, data do centenario do seu nacemento. Os máis de cen artigos posteriores a esta data serán obxecto de artigo aparte nas próximas entregas de *Cuadrante*.

² M. Murguía, *Diccionario de escritores gallegos*, Vigo, J. Compañel, 1862, Advertencia, p. VIII.

Galicia, diccionario que debía ser un apéndice a la historia general de este reino en cuyo estudio me ocupaba.»³

Estamos no ano 1862 cando Murguía escribe estas palabras e a obra na que están incluidas ten un claro obxectivo: crear un certo orgullo de galeguidade, estimular a autoestima dun pobo descoñecedor do seu pasado e das súas glorias artísticas. E non era o idioma áinda, neste momento, a fronteira da galeguidade se temos en conta o que lle confesa, entre outros moitos, o ferrolán Fernando Fulgosio nunha carta de 1865 que recolle a súa vida e obra:

«Aficionado sobremanera a nuestra literatura y hermoso idioma, el miedo de faltar a este, me retraría del intento de publicar nada de lo que escribía.

Amante por extremo de Galicia, y fiel a la sangre que corre por mis venas determiné consagrar mis estudios y débiles esfuerzos en pro de Galicia, tan hermosa, tan desgraciada y tan digna de ser querida.

Si tan entrañable cariño, que en mí va unido a la memoria de mis padres; si tan sincera fe, si tan constante empeño forman al buen gallego, yo lo soy como el que más, seguro de que nadie me aventaja en cariño a Galicia.»

Neste contexto «constructor» da nosa cultura tamén don Ramón del Valle Bermúdez, pai do escritor de Arousa, comparte este espíritu narrativo proporcionando a Murguía datos sobre monu-

³ *Ibid.*, p. IX

mentos prehistóricos e sobre construccions medievais da comarca do Barbanza e do Salnés.⁴

Estaba Murguía nesta década de 1860, lembremos, a esbozar as liñas diferenciadoras da nosa cultura a través da súa obra por entregas *Historia de Galicia*. E certamente este espíritu, este clima cultural e político, este discurso non será alleo na formación inicial de Valle-Inclán. Parece ser así se temos en conta a complicidade que coa que se expresa Valle cando lle pide a Murguía un prólogo, desde México, para a súa obra *Femeninas*:

«Al escribirle a usted paréceme que me dirijo a toda Galicia, pobre pensativa y sola, que dijo el poeta, de tal modo encarna usted para mí el espíritu regional, y el amor de la tierra, que en forma de hondísima saudade, sentimos acá en América, los que como una herencia sagrada, conservamos al través de los siglos un dejo de celtismo que nos hace amar los robles carcomidos y las rocas vetustas, de nuestras gándaras. Sensaciones meigas que se aspiran en la Historia de usted, y derraman una suave claridad de lunar, sobre las viejas razas que encendieron el primer fuego en el gran lar gallego.

Sí, mi querido amigo, usted es nuestro gran Vate, en el más arcaico y puro sentido de la palabra, y por eso me dirijo a usted en demanda de unas cuantas líneas que poner al frente de mi primer libro.»⁵

⁴ Vid. X. L. Axeitos, «Don Ramón del Valle Bermúdez, home íntegro e liberal e pai dun xenial escritor» en *Cuadrante*, 2, 2000, pp. 3-22.

⁵ Juan Naya, «Valle Inclán y Murguía». El prólogo de *Femeninas* en *Faro de Vigo*, domingo 1-VIII-1965, p. 8.

Aínda que Carballo Calero tilda estas palabras de «vocabulario tópico del rexionalismo celtizante aprendido en el propio Murguía y en Pondal»⁶, non era doido en 1893, data da carta citada, a familiaridade coas palabras-clave da galeguide a unha persoa distanciada do discurso rexionalista. E Murguía, no prólogo que lle fai a *Femeninas*⁷ acolle a publicación como como filla de Galicia:

«Por que hijo de su tiempo, pero así mismo hijo de Galicia, son en él manifiestas las condiciones especiales de los escritores del país. El sentimiento le domina, conoce la armonía de la prosa que aquí se acostumbra y no es fácil fuera [...] Y no es esto solo, sinó que conforme con el espíritu ensoñador del celta, despunta los asuntos, no los lleva a sus últimos límites.

[...] Esto por lo que se refiere á lo exterior, porque en cuanto á su interior, o sea el alma del libro, no es menos nuestro por la manera de tratarlo, y por la gran verdad de los cuadros que lo forman.»⁸

Contrasta esta acollida familiar na casa común, co duro axuste de contas con que o mesmo Murguía recibe a dona Emilia Pardo Bazán.⁹

⁶ Ricardo Carballo Calero, «Algunos testimonios sobre el galleguismo de Valle Inclán» en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXI, 1966, pp. 304-325.

⁷ Ramón del Valle-Inclán, *Femeninas*, Pontevedra, Andrés Landín, editor, 1895.

⁸ *Ob.cit.*, Pp. XI e XIII.

⁹ Vid. ó respecto *Cuentas ajustadas...* conxunto de artigos publicados no xornal *La Voz de Galicia* e que pode consultarse na edición prologada por Xosé Ramón Barreiro Fernández, A Coruña, 2000.

Foi esta acollida como unha tarxeta de presentación ante o rexionalismo, que sigue a manter con Valle unha relación cordial, como demostra a tradución, anos máis tarde, de dous contos seus publicados en *A Nosa Terra*.¹⁰

Pero xa por estas datas, preto dos anos vinte, algo está a cambiar no discurso galeguista.

Porque da recepción amable e protectora do discurso de Murguía en 1895, pasamos ó escarnio do manifesto *¡Más Alá!* (1922) de Manuel Antonio. Aínda considerando o carácter provocador do texto, necesariamente obrigado a escolher estrelas literarias para dar comprimento ós seus obxectivos, o blanco maior das iras do poeta de Rianxo é a *xuventude imbecil de Galicia*, que confunde a modernidade coa cobardía do débil que vive facendo constantes claudicacións. Entre estas, a más importante, a do idioma, que neste momento xa era unha marca definitiva do compromiso coa terra.

En efecto, entre 1895 e 1922, a lingua galega esta a ser dignificada e divulgada a través do teatro, do discurso político, da prensa e publicacións periódicas, das novas institucións (Real Academia Galega, Irmandades da Fala), sen esquecer os importantes estudios científicos (F. Diez, Gröber, Meyer-Lübke, Bourcier) que aínda sen mencionar o galego entre as linguas románicas, alonxan determinados termos pexorativos do horizonte lingüístico.

¹⁰ Son os contos titulados *Malpocado* (6 de xaneiro de 1919) *O medo* (15 de xaneiro de 1919) e *Un cabecilla* (25 de xaneiro do mesmo ano).

Moi intelixentemente Manuel Antonio, en clave socio-política¹¹ (e tamén estética), varea tanto no lombo dos vellos galeguistas como no dos novos que se sinten atraídos polo éxito de don Ramón. Non descoñecía Manuel Antonio tampouco a idolatría que profesaban por Valle os seus amigos rianxeiros, Eduardo e Rafael Dieste, os curmáns de Castelao e, tamén, o propio Daniel.

E tamén é verdade que entre 1895 e 1922 xa se mostraran as veleidades carlistas de don Ramón, nada afectas en Galicia, non era así en Cataluña nin no País Vasco, ó rexionalismo e ó nacionalismo posterior. Ben é verdade que por volta de 1922 xa Valle expiara o seu pecado carlista coa faciana aliadófila nos anos da Primeira Guerra Mundial. Era, en definitiva, Valle Inclán, tal como di Manuel Antonio no seu manifesto, a cabeza visible dos galegos de Madrid, que vivían arredados dos problemas de Galicia. Esta era a súa mácula.

Non está lonxe da actitude do poeta rianxeiro Eduardo Blanco Amor que se expresa nestes termos inequívocos:

«Y llegamos a los preludios de nuestro tiempo. Se intenta la literatura gallega en castellano. Valle Inclán, Canitrot, Xavier Valcarce, Rey Soto y Doña Emilia Pardo Bazán, entre otros. Y en la dramaturgia don Manuel Linares Rivas. Pero todos ellos, salvo casos aislados, ven a Galicia un poco en turistas. Por un lado la literatura Kodak, por el otro fantas-

¹¹ Vid. Xosé Manuel Dasilva: «O máis acá do manifesto ¡Más Alá!» en Xornadas sobre Manuel Antonio, Xunta de Galicia, 2001, pp. 139-185.

monadas de leprosos, mendigos, infanzones, enmeigados y que se yo.»¹²

Esta liña receptiva iniciada por Manuel Antonio, que considera a Valle Inclán como capitán dun barco que navega baixo bandeira allea, a do idioma castelá, semella non ter demasiados continuadores se valoramos os posteriores discursos de acollida entre as personalidades do galeguismo e do nacionalismo. Tal é o caso de Antón Vilar Ponte que, valorando moi decisivamente o papel galeguizador das representacións teatrais, segundo os fins das Irmandades da Fala, acaba pedindo que se escenifiquen as obras de Valle, en castelá ou galego, en vez das zarzuelas alienantes e das obras de Pemán:

«Hay tragedias del gran don Ramón — para nosotros de lo más genial del teatro español — de escenario gallego y de alma toda gallega, que están pidiendo a gritos una interpretación idónea en la tierra que las inspiró, y más que nunca ahora, cuando el secretario perpetuo de la Academia Española¹³ acaba de opinar sobre el casticismo de Muñoz Seca y sobre el anticastizo arte literario valleinclanés que, a los que no somos “in-

¹² E. Blanco Amor, «Guía para un estudio integral del renacimiento gallego», conferencia reproducida na *Revista del Centro Gallego de Montevideo*, mayo, 1928, p. 32

¹³ Foi, efectivamente, don Emilio Cotarelo Mori, quen non somente deslexitima a Valle senón que o fai defendendo o casticismo das astracanadas de Muñoz Seca. Tamén don Xulio Casares, benemérito lexicógrafo, incide no mal castelán de Valle nunha obra titulada *Critica profana* na que se atreve propor unha fórmula algebraica para ler a Valle. don Xulio Casares sucedeu ó señor Cotarelo como Secretario Perpetuo da Academia varios anos despois de ter morto Valle.

mortales”, se nos antoja lo mejor de la literatura castellana contemporánea.»¹⁴

Nunha liña de máximo entusiasmo, ben é verdade que pouco representativa do discurso nacionalista, está a proposta de Rafael Dieste que, a instancias de seu irmán Eduardo¹⁵, propón a Valle-Inclán como premio Nobel desde as páxinas da revista *P.A.N.*:


«Un premio para Valle Inclán, el premio Nobel... Sería ilustre el premio, tendría o cobraría gracia heráldica, descifraría en acto de justicia natural su sentido, vendría a ser un signo de noble cortesía, valdría para él, bien limpia, la palabra Homenaje, si llamase a las puertas de Valle Inclán y fuese en sus umbras presente y reverencia.»¹⁶

Pero moito máis interés terá para nós, na percura doutros obxectivos e lonxe da actitude hiperbólica dos Dieste, o discurso integrador de Castelao con respecto á obra de Valle-Inclán. Comeza o seu discurso integrador Castelao, con

¹⁴ Antón Villar Ponte, «El teatro gallego y Valle-Inclán» en *Pensamento e Sementeira. Leiciós de patriotismo galego*. Ediciones Galicia, Buenos Aires, 1971, pp. 350-352. Artigo recollido do xornal *El Pueblo Gallego* (Vigo).

¹⁵ Nunha carta urgente de febreiro de 1935, Eduardo fai lle o seguinte encargo a seu irmán Rafael, de viaxe de estudos por Europa, becado pola Junta de Ampliación de Estudios: «Es necesario que tú hagas y nos mandes por avión una cuartilla lozana exaltando a don Ramón del Valle Inclán como nuestro candidato al premio Nobel. Se la habfa encargado a Mazas, pero éste —dice— no puede hacerla sin meterse con la España negra, y —digo yo— esto no puede hacerse sin el consentimiento de Valle (actualmente en un sanatorio gallego).»

¹⁶ R. Dieste, «Valle-Inclán, premio Nobel» en *P.A.N. Revista epistolar y de ensayos*, 3, marzo 1935, p. 45, edición facsímil, ediciós do Castro, 1995.



ValleInclán, por Pepe Barro:
unha caricatura para dous persoeiros.

respecto a Valle, cando xa o rianxeiro ten asumido un papel relevante como teorizador do nacionalismo e con ocasión dun relatorio na exposición de Imeldo Corral na Coruña o 25 de novembro de 1919. Non refuga nesta ocasión o mozo Castelao a espiñenta pregunta, áinda que a resposta sexa dabondo sutil pero inequívoca de cara á galeguidade do escritor de Vilanova:

«Podería preguntársenos: ¿Valle-Inclán é artista galego? ¡Xa o vexo!; mais Valle-Inclán pensando, sentindo i-escribindo en galego, publica somente unhas traduciós literaes en castelán; i-eu chámolle artista galego porque presinto, vexo c'os ollos da i-alma, as súas obras escritas en galego. Podería preguntársenos tamén: ¿Rey Soto é un poeta galego? Non e non; poeta galego éo Ramón

Cabanillas, éo Noriega Varela. Rey Soto é un poeta castelán nado en Ourense, moi bo, moi xenial, se queredes, pero alleo.»¹⁷

Nestas palabras xa está esbozado o papel que outorga Castelao a Valle-Inclán na misión de «narrar a nación». Porque desde o sentimentalismo —«presento, vexo c'os ollos da i-alma, as súas obras escritas en galego»— argumento caracterizador da nosa cultura de raíz romántica, Castelao é capaz de identificar a Galicia na labrada prosa castelá do arousán.

Non ten interés neste momento deixar constancia da relación amistosa e da mutua admiración que se profesaron os dous arousáns: caricaturas diversas, a escenografía de Castelao para *Divinas palabras*¹⁸, encontros frecuentes en Santiago, etc. Sigamos, xa que logo, o fío conductor do discurso preocupado por «narrar a nación».

Necesariamente chegamos ó cumio do proceso integrador iniciado por Castelao coa conferencia tres veces pronunciada¹⁹ e algunas más editada con variantes non significativas, según nos di Monteagudo.

¹⁷ *De viva voz. Castelao: conferencias e discursos*, edición de Henrique Monteagudo, Fundación Castelao, 1996, p. 20.

¹⁸ Vid. Manuel Aznar Soler, *Valle-Inclán, Rivas Cherif y la renovación teatral española (1907-1936)*, Cop d'Idees, Barcelona, 1992, pp. 102 e ss.

¹⁹ «... a primeira foi a que leu na Institución Hispano-Cubana de Cultura (A Habana) o 8 de xaneiro de 1939; a segunda dictouna na “Casa das Españas”, organizada polo Departamento de Lingua Española de neoyorquina Columbia University a primeiros de 1940; a terceira deuna no Colegio Libre de Estudios Superiores de Bos Aires o 21 de agosto de 1940.» (Henrique Monteagudo, *De viva voz. Castelao: conferencias e discursos*, p. LVII).

Os argumentos que neste texto nos ofrece Castelao teñen a súa raíz en o argumento sentimental da «alma galega», esa presencia sentimental xa esbozada naquela citada conferencia de 1919. Pero nesta ocasión Castelao elabora un discurso reflexivo e demorado que pretende argumentar e persuadir, convencer ó auditorio. O escritor de Rianxo monta unha peza equilibrada e maxistral, consciente da trascendencia do seu discurso: non esquezamos que está a falar de Galicia e Valle-Inclán é a carátula.

O texto²⁰ recorre no exordio, —perfectamente delimitado cun posterior «Y aquí comienza la conferencia»— a unha cita inicial de *La lámpara maravillosa* que pode considerarse como metáfora da traxectoria creativa de Valle: os dous camiños tópicos (amplo ún e angosto o outro) e polas límites de ambos, a serpe que se percibe como presente, a tentación bíblica cara o mal.

Despois da «violencia asimilista» que se exerceu sobre Galicia onde se chega ó absurdo de falar nunha lingua que non se escribía y de escribir nunha lingua que non se falaba, no renacemento galego estamos ante a presencia dos camiños iniciais, encarnados en dúas figuras contrapostas: Rosalía de Castro, **alma prística del pueblo** e a Condesa de Pardo Bazán, **ventana de biblioteca sobre el paisaje gallego**.²¹

²⁰ Seguimos a edición de H. Monteagudo, *ob. Cit.* Pp. 189-205.

²¹ As palabras son de Castelao pero o suliñado é noso para mostrar a forza caracterizadora das metáforas aposicionais.

Aquí, punto axial do seu argumento, estas palabras:

«... Y en el fragor de la controversia surge un gallego extraordinario, mitad pueblo y mitad señorío, y su voz calma las ansias divergentes. Se llama Don Ramón del Valle-Inclán, hijo del renacimiento literario de Galicia y el mejor artista de la España contemporánea.»

O resto da conferencia quere demostrar que don Ramón é o embaixador de Galicia na literatura castelá. Porque representa alí as nosas más nidas señas de identidade: a saudade, a fidalguía e o sentimento da paisaxe.

O epílogo, cos acostumbrados tópicos da oratoria («... sospecho que tengo razón en lo que discurrí con espontaneidad...»), supón o recoñecemento de que falou máis de Galicia que de Valle pero non quere agachar o seu obxectivo final:

«Notaréis en este ensayo un propósito irreprimible de identificar a Don Ramón del Valle-Inclán con la tierra que le dio el ser; pero el propósito es justo, porque ninguna de las grandes figuras gallegas que florecieron fuera del medio nativo, en ambientes lejanos o diferentes, fue tan leal al espíritu del país.»

O final, de cita obrigada, digno de figurar entre os *aurea dicta*:

«Dicen que Galicia perdió un brazo derecho, el brazo fuerte de la historia, y que se lo cortó la frontera portuguesa. Eso es verdad.

Galicia, pues, es un pueblo manco y glorioso; glorioso y manco como don Ramón del Valle-Inclán, el hijo emigrante que más se le parecía.»

Este texto de Castelao ten, é evidente, unha gran importancia para entrever a concepción que Castelao tiña da cultura galega, asentada sobre unhas bases firmes de raíz sentimental e romántica: saudade, paisaxe, evocación lexendaria, a ética fidalga, que non a fidalguía. O recoñecemento desas bases supón a presencia de Galicia onde queira que se produza esa identificación. Indirectamente, Castelao está, con este discurso, a ensanchar as nosas fronteiras. Neste caso coa obra de Valle.

A partir de aquí, pódese abrir outro debate: dada a vontade integradora de dous dos fachos ideolóxicos²² —Murguía e Castelao— do galeguismo e do nacionalismo ¿qué actitude amosa o nacionalismo posterior ante a obra de Valle?

A resposta do exilio galego é case unánime ó considerar como proféticas e de validez canónica as palabras de Castelao sobre Valle. Podemos encarnar esta actitude nun dos máis senlleiros artistas do exilio galego, Luís Seoane. Así como soubo ilustrarnos en non poucas ocasións cos seus expresivos silencios con respecto a Castelao, danos unha lección de fidelidade nesta concreta ocasión.

²² Non pretendemos mostrar polo miúdo a recepción de Valle no galeguismo, senón resumir a acollida deste escritor atendendo especialmente a figuras representativas. Que, sen dúbida, sintetizan o debate.

As causas que están na base desta defensa de Valle por parte do exilio galego, ademais do camiño marcado por Castelao, teríamos que atopalas no contexto da cultura societaria, tan arraigada y cunha ampla historia de loita pola identidade cultural. Unha das armas desta loita silenciada pero difícil, pola dignificación, era resucitar e facer presentes a todos aqueles personaxes que tiveran intervido na historia e nas xestas dos países hispanoamericanos. Adoitaban tamén invitar e honrar a memoria de escritores, políticos, artistas e mesmo deportistas que trunfaban polo mundo para reivindicar eles a súa propia imaxe e memoria.²³

Neste contexto Valle-Inclán era un persoero de gran utilidade para a colectividade galega en América e Castelao —sen negar a súa sinceira amistade e admiración polo de Vilanova— é consciente da simboloxía positiva do escritor.

Na audición radial *Galicia Emigrante* correspondente ó día 12 de agosto de 1956 e co título de «Castelao y Valle Inclán», recolle Luís Seoane as impresións que as palabras de Castelao causaron no público asistente, entre os que se contaba o propio autor do texto:

«Foi a homenaxe limpa e nobre dun gran artista exclusivamente consagrado

a Galicia a outro que, por camiños distintos, tamén labrara a súa propia obra para gloria da propia patria.»²⁴

Destaca Luís Seoane, que polo de-mais resume a conferencia, dúas notas: foi a única homenaxe pública que Castelao tributa a un artista do seu tempo, e en castelá; e é a segunda vez —antes fixera o mesmo con Bóveda despois do seu asasinato— que o rianxeiro se achega a un home e debuxa o seu retrato xacente, no leito de morte, sen ironías caricaturescas. O cartel anunciador da conferencia de Castelao na Arxentina recollía este traballo do artista que Seoane gardou con agarimo ata entregalo a súa viúva na Fundación que custodia a obra do hispano-arxentino.

Pero xa antes, no ano 1954, recolle a revista que dirixe Luís Seoane un artigo de Fernández del Riego que, co expresivo título de «Reivindicación gallega de Valle Inclán», segue moi de preto as liñas esenciais da conferencia de Castelao, discurrindo pola paisaxe, pola toponimia, pola temática e polo léxico, para rematar deste xeito:

«Don Ramón María del Valle Inclán es, en definitiva, un escritor de Galicia. Él mismo que se consideraba muy galego, valoraba su obra como categorización estética de su país. Sus ojos vieron lo que hay de valores eternos en la tierra nativa y en las gentes que la habitan... Se pro-

²³ Unha síntese desta política integradora por parte da colectividade galega en América, atopámola na revista *Galicia Emigrante* de Buenos Aires, por onde desfilan persoaxes como Luís Suárez, un gobernador gallego nas illas Malvinas, Fray Juan, lugués, pioneiro do Ensino Primario en Santiago del Estero, etc, etc.

²⁴ «Castelao e Valle Inclán» en *Escolma de textos da audición radial de Luís Seoane «Galicia Emigrante» (1954-1971)*, versión galega e edición de Lino Braxe e Xavier Seoane, ediciós do Castro, 1989, pp. 339-341.

puso ahincadamente la última decantación del alma gallega y logró una literatura autóctona con valor universal.

Es por eso que la vitalidad del genial escritor cruje todavía en nuestras letras; sólo cabe lamentar que no hubiese utilizado el propio idioma para manifestarse. Sin embargo una línea eterna en la Galicia literaria, la sostiene, la endereza, la dispara, cuando menos lo esperamos.»²⁵

Fernández del Riego dedicou varios artigos na prensa galega a este mesmo tema e sempre na mesma dirección reivindicativa con respecto á galeguide de Valle-Inclán. Nunha colaboración en *La Voz de Galicia* (19-II-1961) acuña un termo que resulta hoxe extraño aplicado á cultura galega:

«Valle-Inclán y

Otero Pedrayo representan, con Cabanillas y Menéndez Pidal, la máxima exaltación del Ramonismo en Galicia»

Arredor de 1963, coincidindo coas protestas internacionais polo asasinato

²⁵ *Galicia Emigrante* nº 1, xuño 1954, p. 30.

de Julián Grimau nunha comisaría de policía, e a poucos anos da celebración do centenario do nacemento de Valle, comeza en certas publicacións españolas unha campaña que quere empañar a traxectoria republicana do autor de *Divinas palabras*. A causa desta nada casual campaña reside no feito de que o escritor de Vilanova estaba a formar parte, ó par de Picasso e Lorca, da simboloxía e da mitoloxía antifranquista do exilio. Lembremos que esta consideración de fidelidade á República española, moi reforzada na conferencia de Castelao²⁶, ten xa unha ampla traxectoria en América e fora começada moito antes da célebre conferencia de Castelao. Así, o diario *Galicia* (Buenos Aires 22 de abril de 1934)

saúda con gran alegria unhas explosivas declaracíons de Valle con motivo do proxecto de monumento ós irmáns Álvarez-Inclán,



Castelao.

²⁶ «La silueta de nuestra República perdió su torre más alta: la ilustre torre de marfil en que habitaba Don Ramón. Y nadie ha podido consolarse» en «Galicia y Valle-Inclán», *edic. cit.* P. 196.

varez Quintero en Madrid. Cataloga tal proxecto de atentado escultórico e fai unha invitación á destrucción revolucionaria:

«Es una vergüenza. Hay que derribar inmediatamente ese Círculo de Bellas Artes, y ese Ministerio de Instrucción Pública, y ese Palacio de Comunicaciones, y medio Madrid... Lo bonito de las revoluciones es lo que tiene de destructor. Se ha dicho mucho sobre la quema de conventos, pero la verdad es que en Madrid, no se quemaron más que cuatro birrias que no tenían ningún valor. Lo que faltó ese 14 de abril, y yo lo dije desde el primer día, es coraje en el pueblo, que no debió dejar ningún monumento.»

O artigo, ilustrado por unha sorprendente caricatura de Valle, remata deste xeito:

«Don Ramón del Valle Inclán: salud para ver ese saneamiento...»

Foi outro afervoadoo apoloxista de Valle en Arxentina Xavier Bóveda, curmán de Alexandre, emigrado desde os primeiros anos da década dos vinte, que en artigos e conferencias destacou unha e outra vez o xenio do escritor de Arousa. Por exemplo, nun dos xornais emblemáticos que mantivo unha liña antifranquista, *Crítica*, de Natalio Botana remata²⁷ con estas palabras a súa conferencia sobre Valle:

²⁷ Este xornal, que tiña como subtítulo *El Diario de Buenos Aires Para Toda la República*, deu acollida nas súas páxinas ás primeiras crónicas antifranquistas da guerra en España, a cargo de Luís Seoane.

«Nada es preciso decir de la gloria literaria de Valle Inclán; ya que su nombre ha llenado el mundo entero. Su obra de poeta genial está hecha para la eternidad y sobrevivirá largamente.»²⁸

Nunha extensa entrevista do ano 1941 Xavier Bóveda atribúe a Valle a responsabilidade do X do seu nome, cando ó dedicarlle os seus libros en Madrid escribeo así, con esta xustificación lapidaria:

«El poeta, como el toro, siempre debe ostentar una divisa.»²⁹

De calquera xeito, como consecuencia de ser convertido Valle nunha bandeira da liberdade e das ideas republicanas entre os exiliados, unha campaña entre as publicacións e periódicos do franquismo empeza a lembrar a etapa carlista do escritor sen esquecer, por suposto, a concessión do título de «Caballero de la legitimidad proscripta», outorgado a Valle polo pretendente Don Xaime.

Na audición radial *Galicia Emigrante*, unha vez máis Luís Seoane sae ó paso desta campaña cunha defensa xenerosa co título de *A ideoloxía de Valle Inclán*. Pretende Seoane dar resposta con este artigo ás publicacións «onde se modifica o pensamento deste gran escritor, trocan-se as suas opinións e sentimento en beneficio de determinada política, con ánimo seguramente de res-

²⁸ *Crítica*, 20 de setembro de 1936.

²⁹ *Mundo Argentino* (29-I-1941) Reportaxe de Andrés Muñoz.

tar-lle adesións ás causas populares da península.»³⁰

A defensa de Valle é un percorrido pola obra posterior a 1914, empezando polos artigos como corresponsal na guerra mundial e a súa posición aliadófila, a loita contra da dictadura de Primo de Rivera e os seus compromisos interacionais asinando manifestos e formando parte da «Asociación Internacional de Escritores en Defensa da Cultura». Evoca Seoane ata as palabras en defensa da diversidade cultural que fixera en declaracions a Santiso Girón para *El Pueblo Gallego*.

En palabras de Seoane: «O Valle Inclán que toma posición na primeira guerra mundial ao lado dos aliados, o que encadeou Primo de Rivera, o que suscribiu os documentos para a paz e a defensa da cultura, cando se asomaban indícios de agresións á paz e á cultura por Alemaña e Itália, non ten nada a ver coa imaxe de títere, apto para Margaridas ou tonais e menores, con que o veñen representando en España.»³¹

Algúns anos antes, desde as páxinas da revista *Galicia Emigrante* (nº 7, de decembro de 1954) xa Seoane leva a cabo a defensa do compromiso de Valle e rexeitando certas interpretacions:

«Por ahí andan tres biografías repletas de datos inexactos, convertido don Ramón en personaxe pintoresco de alguna de sus propias obras, suponiéndosele gestos que jamás tomó en vida y, al refe-

ririse a su mundo literario, olvidándose de su origen gallego como si éste no hubiese tenido una influencia decisiva en su obra y en sus últimas actitudes.»

Observemos que se lamenta Seoane de que os biógrafos de Valle se esquezan da orixe galega do escritor. A mensaxe, se temos en conta a filosofía da publicación na que se inserta o artigo, *Galicia Emigrante*, destinada a lembrar as raíces sentimentais coa cultura galega ós moitos fillos de Galicia xa desvinculados da nosa cultura, parece aclarar os obxectivos da reivindicación galega do escritor.

Non será esta a última vez que Luís Seoane teña presente a Valle Inclán como reclamo e símbolo da actitude ética do exilio. Porque cando en 1963 viaxa por Europa e manda en cada carta noticias culturais a Lorenzo Varela para o seu programa *Hora Once*, están sinalados os estrenos que do teatro do arousán se levan a cabo en Francia, principalmente.³²

Non remata aquí a defensa que fai Luís Seoane da galeguidade de Valle-Inclán. E así, unha vez máis, nesa década valleinclanesca dos sesenta, cando se empiezan a preparar algunas homenaxes significativas ten lugar en Buenos Aires o estreno da obra *Divinas Palabras*, dirixida por Jorge Lavelli e interpretada nada menos que por María Casares. Poucos

³⁰ *Ob. Cit.*, p. 359.

³¹ Luís Seoane, *edic. cit.*, p. 362.

³² Vid. o artigo de X.L. Axeitos, «Cultura y Comunicación en el exilio gallego en Buenos Aires» en *La cultura del exilio republicano español de 1939*, I, Alicia Alted y Manuel Llusia, directores, UNED, Madrid, 2003, pp. 117-128.

días despois de rematar as representacións na capital bonaerense, e para evitar que perxudique ó espectáculo, Seoane expón algunas críticas moi significativas na súa audición radial *Galicia Emigrante*.³³

Empeza o artigo eloxiando a oportunidade da elección da obra, que atribúe a María Casares, aproveitando para falar da súa adhesión a Galicia, a terra do seu nacemento así como das súas excepcionais dotes interpretativas. Fai extensivo o eloxio a todo o elenco artístico da obra. Pero a partir daquí, empezan as críticas e, tamén, a defensa implícita da galeguideade de Valle-Inclán. Segue Seoane, sutileza e prurito profesional, criticando a diagramación do programa que se facilitaba á entrada e, sobre todo, as palabras do director, Lavelli, que di que «as personaxes de Valle-Inclán transitan sobre a terra galega como poderían facelo sobre calquer parte» e o seu deseño de que esa obra se amose alén do seu localismo.

A crítica exténdese á escenografía da polaca Krystina Zachwatowicz que, di Seoane, de coñecer os ornamentos e colgaxos románicos non poñería en escena símbolos bizantinos e polacos. En definitiva Seoane protesta porque non ve Galicia no escenario, arredada da presencia do espectador en pos da universalidade do obra. Por esto nos di o noso artista:

«Cando Valle situou a obra nun lugar determinado do planeta, precisamente en

³³ *Escolma de textos da audición radial Galicia Emigrante...*, edic. cit, pp. 410-413.

Galicia, o seu povo, e deducía dun drama entre un grupo característico da sua povoación, ofrecía unha distinción non por localista menos universal, pois a universalidade dunha obra de arte, como todo o mundo sabe, non reside no tema, senón na grandeza e humanidade do seu desenvolvemento, precisamente no que a convierte en obra de arte.

Gostaría-nos ver como Lavelli dirixiría a Synge ou O'Casey despoxando-os do irlandés que hai nas suas obras e cuxa intención irlandesa foi similar á intención galega de Valle-Inclán en *Divinas Palabras*.»

O eloxio que estas últimas palabras supoñen ó equiparar ós creadores do teatro nacional irlandés con Valle con respecto a Galicia, non fai máis que reafirmar a apasionada reivindicación de Luís Seoane con respecto á obra e vida do escritor de Vilanova.

Parece, á luz do exposto, que a liña que parte da conferencia de Castelao, ten unha continuidade entusiasta e firme entre os exiliados galegos en Arxentina e outros países de América.³⁴

Este carácter de defensa da galeguideade de Valle contrasta, xa temos visto, coa actitude de rexeditamento que supón o manifesto de Manuel Antonio no ano 1922. Probablemente o carácter negador e provocador do texto, asinado por dous mozos pouco coñecidos daquela, expliquen o escaso seguemento que tivo o

³⁴ Observemos, entre outros moitos testimonios, o artigo que sobre Valle-Inclán, obra de Cipriano Rivas Cherif, publica o *Patronato da Cultura Galega en México* (1954) onde aparece ó lado de Feijóo, Macías o Namorado e outros mitos culturais do noso país.

grito vanguardista *¡Más Alá!* antes da guerra civil.

O exordio ó tratamento que vai recibir a obra de Valle con respecto ó nacionalismo podemos atopalo na polémica desatada con ocasión da publicación da *Escolma de poesía galega*, Vol. IV, *Os contemporáneos*, (Galaxia, Vigo, 1955) de Fernández del Riego. Algúns poetas non incluidos nesta obra protestan publicamente polo que consideran unha marginación inxustificable; esta protesta³⁵ xenera unha réplica, inicalmente de Rodríguez Mourullo e, posteriormente, de Méndez Ferrín.

O inicio da polémica³⁶ está protagonizado por González Garcés e Rodríguez Mourullo. O primeiro reclama un lugar na escolma «por nacimiento y por elección. Por mujer gallega. Por hijos gallegos. Por presente y futuro que deseo gallegos. Por amor a Galicia e identificación con sus problemas. Por esencia y existencia.»

Desde a actual perspectiva, estes argumentos volitivos, fundamentados na vontade de ser, parecen desnortados e de escasa consistencia; pero se miramos para atrás, unha sólida tradición avala a actitude. Esa tradición de inclusión de escritores galegos e casteláns compartindo unha escolma co adjetivo *galega* iníciase nos moi populares *almanaques*

³⁵ Non será a primeira polémica que xenera unha antoloxía. Ben é verdade que esto se pode trasladar a calquera cultura e lingua.

³⁶ Sigo a polémica e tomo as citas a través da obra de X.L. Franco Grande, *Os anos escuros. I. A resistencia cultural da xeración da noite (1954-1960)*, ediciones Xerais de Galicia, 1985, pp. 231-237.

galegos, que así se chamaban, publicados nunha e noutra banda do atlántico. O primeiro deles o de Soto y Freire, o editor lugués da *Historia de Galicia* de Murguía, do ano 1864. A tradición continúa nos *almanaques* publicados en Bos Aires e culmina na antoloxía, por exemplo, editada en 1929 con prólogo de W. Fernández Flórez.³⁷

Neste florilegio poético figuran, ó lado de Rosalía, Pondal, Curros, Añón, etc, algúns poemas casteláns de S. Blanco Cicerón, Fernández Mato, Valle-Inclán, Carlos Miranda, Emilia Pardo Bazán, etc, etc.

O argumentario de Garcés vai ser contestado por Mourullo cunha batería de respostas na que non faltan as citas e recurso á *auctoritas* de Edward Sapir, de Heidegger e de Matthias Claudius. Pero más contundente será a intervención de Ferrín. Non está esta polémica do ano 1956 directamente relacionada co noso tema pero si que nos ilustra sobre o pensamento duns mozos de vinte anos que se incorporan con forza xuvenil —que non todos conservan, por certo— ó proceso de «narrar a nación» cun pensamento nídio e inequívoco. Concretamente Ferrín vai directamente ó problema:

«[...] ¿Pertenecen a la literatura gallega los escritores que nacieron en Galicia y no escriben en gallego? Trataré, despojándome de prejuicios, de hacer algunas consideraciones sobre el tema. Veamos: En España hay cuatro idiomas,

³⁷ *Los poetas. Antología de poetas gallegos*, Madrid, 1929.

a cada idioma corresponde una literatura; hay pues, cuatro literaturas: gallega, catalana, vascuence y castellana. ¿Qué criterios podemos adoptar para incluir a un escritor español en cualquiera de ellas? Fundamentalmente:

1º. Criterio de nacimiento: según él pertenecen a la literatura gallega los señores nacidos en Galicia, escriban en el idioma que fuere. De esta manera Camilo José Cela no pertenece a la literatura castellana por haber nacido en Galicia. [...]

2º. Criterio de peculiaridad. El posible seguidor de este habría de dividir la literatura de España en un mosaico de parcelas, basándose en el ambiente de la literatura a clasificar, en la nota anecdótica: literatura santanderina, madrileña, extremeña, andaluza, gallega, castellana, de La Estrada, etc. [...]

3º. Criterio idiomático. Segundo él pertenecen a la literatura gallega los escritores que escriben en lengua gallega y a la castellana los escritores que, aunque hayan nacido en Pomerania y reflejen el ambiente nepalí escriben en lengua castellana...»

A cita é extensa pero paga a pena porque retrata unha época e unha xeneración que empeza a asomarse con forza. O ton argumentativo e irónico que trouxo o artigo de Ferrín ata aquí, de súpito ráchase e acaba, citando a Valle e dona Emilia por suposto, con estas palabras menos gasalleiras:

«... Señores, déjense de dingolondangos; o a una literatura o a otra. Ni la Pardo Bazán se vió desamparada de Murguía o Saralegui, ni Valle Inclán protestó por no estar incluido en la “escol-

ma” de López Aydillo. Si ustedes escriben en castellano que se ocupe de ustedes la crítica castellana, y si no tiene usted categoría para que reparen en su figura, amuélese y a otra cosa.»

A longa cita paga a pena pola rotundidade dos argumentos e pola claridade coa que se expresan, tendo en conta, repetimos, que tiña o asinante dezaoito anos.

Algúns anos máis tarde entra en escena, polo que respecta ó noso tema, o profesor don Ricardo Carballo Calero³⁸ quen, sen citar o nome de Castelao nin de Seoane como prestixiosos defensores da galeguideade de Valle, refuta as súas teses percorrendo os argumentos dos innominados. Consolida xa que logo, pola súa responsabilidade académica e polo seu ton científico, o profesor Carballo Calero unha liña crítica que vai contar en Galicia con moitos seguidores, fronte da opinión do exilio e da emigración. Considera de *apaixonante interés* a controversia que confronta ós que consideran que Valle fixo *literatura galega, anque en castelán, e o valoran como a culminación literaria de Galicia* fronte dos da opinión que *refusa espresa e coléricamente o maxisterio de don Ramón*.

Os argumentos que Murguía expón no prólogo a *Femeninas* quedan desbaratados con lapidaria sentencia:

³⁸ Dedicou Carballo Calero varios artigos ó tema, «A temática galega na obra de Valle-Inclán» en *Grial*, 3, 1964, pp. 1-15; «Algunos testimonios gallegos sobre el galeguismo de Valle-Inclán» en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXI, 1966, pp. 304-325 e «As tensións creadoras na obra de Valle-Inclán» en *Grial*, 19, 1968, pp. 93-94.

«As afirmacións de Murguía proban máis espírito galego no crítico que no autor. O vello rexionalista quer descobrir virtudes galaicas nun mozo escritor que tende ao cosmopolitismo literario. Galicismo, non galeguismo.»

Quere ver Carballo Calero na Galicia literaria que nos mostra Valle a influencia de D'Annunzio e dos Abruzzos. Pola contra a Galicia de Castelao, Rosalía, Curros e Cabanillas é unha Galicia popular de proletariado campesino e mariñeiro; a Galicia de Valle é a dos señores, fidalga e opresora.

Seguindo co seu discurso refutador —sempre sen citar— nega que a paisaxe de Valle sexa Galicia ou a Ría de Arousa como quería Castelao:

«Dende as súas primeiras obras coñece a paisaxe esótica,i, en realidade, como temos indicado, esotiza a miúdo a paisaxe da súa terra. Verdadeiramente, porque un home tiña nado en Vilanova de Arousa, se non segue necesariamente que en todo o que escriba teña de se percibir o aciñabre dos ventos da súa ría.»

Acaba negando, por fin, un argumento esencial: *porque a súa non é unha arte sentimental*.

Temporalmente moi preto deste moi academicista³⁹ artigo do profesor Carballo Calero, están os episodios que hai poucos días evocaba Méndez Ferrín na súa

³⁹ Todo parece indicar que a tese que defende Carballo Calero é a mesma de Mourullo e Ferrín con respecto a don Miguel González Garcés. Pero entanto os mozos manifestan a súa idea sin perifrases nem eufemismos, don Ricardo navega no mar da retórica académica e da linguaxe academicista.

sección do *Faro de Vigo, Segunda feira* («Valleinclanismo activo», 13-X-03) a respecto do monumento a Valle conmemorativo do centenario do seu nacemento. Misteriosamente apareceu mutilado na Pobra despois da súa misteriosa desaparición das Palmeiras de Pontevedra.

Pasados os anos non rematou a controversia⁴⁰ nem o tratamento afervoadoo do tema que nos ocupa, que trataremos, como xa adiantazos, en artigos sucesivos. Onde, por certo, o escritor Méndez Ferrín está representado con máis de 30 artigos, entre eles o moi significativo, por emotivo, de *Homenaxe a Valle Inclán* (*Faro de Vigo* 23-IV-84). No medio da polémica, sempre, o seu fillo Carlos coa negativa á tradución ó galego da obra de don Ramón.

A polémica relación de Valle coa cultura e a literatura galega vai seguir a protagonizar episodios polémicos, o último o que tivo lugar arredor da representación dos esperpentos de Valle polo Centro Dramático Galego no ano 1998. A presentación do espectáculo, claro está, o folleto de presentación, coas palabras de Castelao, da súa conferencia da Habana, traducidas ó galego. Sucedéronse os actos paralelos á representación con lectura de manifestos... Desde logo está dabondo xustificado o título porque non podemos negar que un *-ismo* moi noso traspasou o século vinte polos cernes da nosa cultura.

⁴⁰ Non pretendemos agotar as referencias, senón mencionar algunas significativas para dar idea da dimensión do problema. Teríamos que referirmos a traballos de Cunqueiro, que chamaba a Valle e a Castelao «ambos antipódicos castellanos», Rubia Barcia, García Sabell, Celestino Fernández de la Vega, Cunqueiro, Cela, etc, etc.

La Camelia

XI Concurso - Exposición
Internacional de la Camelia

Palacio Provincial de Pontevedra 28 - 29 Febrero 2004



Organiza:

EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA






CONCELLO DE
VILANOVA DE AROUSA



REPSOL
YPF



Asociación “Amigos de Valle-Inclán”

Servicio de Publicacións

Solicitud de suscripción anual ó SERVICIO DE PUBLICACIÓN S correspondente o ano 2004

TÍTULOS:

Revista:

Cuadrante nº8 (Xaneiro 2004)
Cuadrante nº9 (Xullo 2004)

Libros:

JAVIER SERRANO: *El Arte del Elogio. Eduardo Gómez de Baquero, Andrenio, lector ideal de Ramón del Valle-Inclán*

VICTOR VIANA: *Los otros Valle*

Importe da suscripción a estas publicacións: 30 euros

(As publicacións enviaranse ó longo do ano conforme se publiquen)

Boletín de suscripción SERVICIO DE PUBLICACIÓN S

Desexo suscribirme ás publicacións do ano 2004 do Servicio de Publicacións da Asociación “Amigos de Valle-Inclán” polo importe de 30 euros (incluidos os gastos de envío)

Nome:

Enderezo:

Código Postal: Localidade

Provincia..... Teléfono

FORMA DE PAGO:


Talón bancario xiro postal nº

Domiciliación bancaria: Titular

Banco/Caixa:

Nº conta (20 díxitos):

Asinado:



Vilanova de Arousa

CUADRANTE

Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos